



BIBLIOTECA

Bibliotecas
escolares
de Galicia



1º ESO A
APRENDE
A
USAR
A BIBLIOTECA

A Clasificación Decimal Universal (CDU) establece nove grandes bloques temáticos, a cada un dos cales asigna un número do 0 ó 9, deixando baleiro o 4



0

Xeralidades

Dicionarios, Enciclopedías,
Publicacións...

1



Filosofía

Historia, Autores, Psicoloxía, Ética,
Lóxica...

2



Relixión e Mitoloxía

3



Ciencias Sociais

Economía, Política, Dereito,
Antropoloxía...

5



Ciencias Exactas e Naturais

Matemáticas, Astronomía, Física,
Química, Bioloxía...


6



Ciencias Aplicadas

Medicina, Electricidade,
Navegación, Informática...

7



Arte, ocio e deportes

Pintura, Debuxo, Arquitectura,
Escultura, Teatro, Deportes...

8



Lingua e Literatura

9



Xeografía e Historia

COMO ESTÁN ORDEADOS OS LIBROS

Os fondos da Biblioteca están dispostos segundo un sistema estándar en todas as bibliotecas do mundo: a Clasificación Decimal Universal (CDU). Cada un dos díxitos do 0 ó 9 ten asignado un bloque temático, e a el vánselle engadindo números que identifican os diferentes subtemas:


1. **Filosofía:** Psicoloxía (159.9), Ética (17)
2. **Relixión e Mitoloxía**
3. **Ciencias Sociais:** Política (32), Economía (33), Dereito (34), Educación (37)
5. **Ciencias:** Matemáticas (51), Física (53), Química (54), Xeoloxía, (55), Bioloxía (57)...
6. **Ciencias Aplicadas**
7. **Arte e Deportes:** Debuxo (74), Pintura (75), Fotografía (77), Música (78), Deportes (79)
8. **Lingua e Literatura:** Lingua e Lit. Españolas (806.0, 860), Lingua e Lit. Galegas (806.99, 869.9)
9. **Xeografía e Historia:** Xeografía (91), Historia de España (946.0), Historia de Galicia (946.1)...

Os libros da nosa Biblioteca están ordeados segundo esta secuencia.
Dentro de cada sección seguimos a orde alfabética por autor e título das obras

PRESTA ATENCIÓN ÁS ETIQUETAS DOS ANDEIS EMPREGA O PLANO DO INTERIOR

COMO BUSCAR UN LIBRO NA BIBLIOTECA

Cómpre saber o AUTOR e o TÍTULO do libro que queremos, ademais da MATERIA que trata para orientarse polos andeis . Logo, hai que fixarse na ETIQUETA que todos os libros teñen na parte inferior do seu lombo, e que se compón de tres liñas. Por exemplo, á esquerda figura *A orixe das especies*, de Charles Darwin, e a súa etiqueta interprétase así:



CONDICIÓN DO EMPRÉSTIMO

= Pódese levar emprestado un máximo de 3 libros durante 15 días.

= Non se poden levar emprestados os libros da primeira sección da Biblioteca (enciclopedias, dicionarios e obras de gran formato).

BÚSCANOS EN INTERNET

= Na web do IES:
centros.edu.xunta.es/iesfontexeria/biblioteca.php
= No noso blog:
www.andel-aberto.blogspot.com



BIBLIOTECA



A nosa Biblioteca posúe máis de 10.000 títulos, e tamén recursos audiovisuais e informáticos
¡APROVEITÁDEA!

nulla dies sine linea





Actividade desenvolvida durante unha sesión de titoría de 1º ESO A e levada a cabo polos profesores Ramón X. Beltrán (titor do curso e membro do Equipo de Biblioteca) e Alfonso Blanco (Coordinador do Equipo de Biblioteca) -- IES FONTEXERÍA, 24 de outubro de 2016.

